



10. A arte na Idade Media

Para comezar

- As pinturas e esculturas medievais non son realistas. Por que? Eran incapaces de representar fielmente a realidade?
- As catedrais, porén, son impresionantes. Pareceche que unha sociedade atrasada podería ter feito obras coma esas?
- Visitaches algunha vez un monumento medieval? Existe algún na zona onde vives?

Unha estética diferente

Chamamos arte medieval a todas as obras artísticas realizadas durante a Idade Media (séculos V-XV).

Moitas sociedades produciron obras artísticas moi particulares: os bizantinos, os reinos feudais da Europa Occidental, os musulmáns... Emporiso todas coinciden en aspectos como a importancia das obras relixiosas ou a reutilización e desenvolvemento das técnicas artísticas da Antigüidade clásica.

A estética medieval pódenos parecer infantil ou de escasa calidade técnica, pero está moito máis preto da nosa sensibilidade do que pensamos.

O noso proxecto



O noso proxecto

Ademais de seren un pracer para os sentidos, as obras de arte son documentos históricos que nos axudan a comprender mellor o pasado. Seguirémonos aproximando á tecnoloxía da Idade Media empregándoas como testemuñas.

Moitos dos obxectos tecnolóxicos que vos propoñemos nesta unidade son modestos e simples. Con todo eran moi útiles na vida cotiá da xente do medievo. Botando man do vocabulario artístico que aprenderedes ao longo da unidade, teredes que describir tanto o tema como o estilo artístico das imaxes que se vos ofrecen.

Dividirédesvos, como sempre, en grupos. Cada un dos grupos escollerá un dos temas e tarefas que a continuación se expoñen:

- Os **calendarios agrícolas** foron moi **populares no medievo**. Tratábase de pinturas ou esculturas que adornaban as igrexas, os mosteiros ou os libros de oracións. Neses calendarios cada mes estaba asociado a unha tarefa agrícola. Partindo dos calendarios de San Isidoro de León, **Santa María** do **Azogue** de Betanzos e **San Miguel de Beleña** (Guadalajara) gravaredes **unha cuña informativa** sobre a vida cotiá dun campesiño medieval. Poñede especial coidado en describir as ferramentas e os produtos de cultivo. Un dos calendarios máis famosos está no libro **As moi ricas horas do duque de Berry**. Este libro segue a imprimirse na actualidade en edicións de luxo. Describide con profusión as súas **escenas, os elementos tecnolóxicos** e os personaxes que nelas aparecen para elaborardes unha cuña publicitaria sobre o libro.
- A curación das enfermidades baseábase nos preparados de **plantas medicinais**. As propiedades das plantas e os consellos para preservar a saúde reuníanse en **códices con fermosos debuxos**. Grave **unha cuña de radio-teatro** onde dramaticedes unha situación na que un médico atenda varias enfermidades (esterilidade, febre, feridas...) e recreade os **consellos** e **remedios** que lles daría.

Aquí tes un documento para avaliar o teu traballo e o do teu grupo.

A arte bizantina

A **arte bizantina** desenvolveuse no Imperio romano de Oriente desde o 395, cando tivo lugar a partición do Imperio romano, ata 1452 coa conquista de Constantinopla polos turcos.

Os artistas bizantinos conservaron e desenvolveron as técnicas artísticas da Antigüidade grega e romana. Estenderon estas técnicas en toda a Europa cristiá e no mundo musulmán, onde eran reclamados para traballar.

A arquitectura

A arte bizantina coñeceu o seu máximo esplendor durante o reinado do emperador Xustiniano (527-565). O emperador concibía a arte como unha forma de **propaganda do seu poder**, polo que destinou inmensas riquezas á creación de obras de arte.

Por orde de Xustiniano construíuse a igrexa de **Santa Sofía de Constantinopla** (antigo nome da cidade de Estambul). A igrexa é famosa pola súa espectacular cúpula, ademais, como superaba os cincuenta metros de altura, era visible desde calquera parte da cidade. Mesmo os navegantes que chegaban nos seus barcos podían contemplala desde moi lonxe e facerse unha idea do poder do emperador e da

riqueza da cidade.

A decoración con suntuosos mosaicos e pinturas, a planta centralizada e a cúpula de Santa Sofía serán o modelo da arquitectura bizantina. Aínda que tamén a planta de cruz grega será unha característica que define ás súas igrexas.

Na seguinte galería^[1] podes observar:

- O exterior de Santa Sofía de Constantinopla.
- O interior do mesmo templo.
- A basílica de San Apolinar o Novo, na cidade italiana de Rávena, século VI.
- Santa Irene de Constantinopla, séculos VI - VIII.

Os mosaicos

A arte bizantina destacou polos seus mosaicos. Os máis famosos son os de **San Vital de Rávena**, en Italia.

Como Santa Sofía, os mosaicos de San Vital foron realizados durante a primeira metade do século VI. Neles pódense ver aos emperadores, Xustiniano e Teodora, acompañados da súa corte, presentando agasallos a Cristo. Os seus rostros son **hieráticos**, ou o que é o mesmo, completamente inexpresivos. Trasladan a idea de que a realeza está en contacto directo con Deus.

Na seguinte galería^[2] podes observar:

- *O cortexo de Teodora*, detalle dos mosaicos de San Vital de Rávena, século VI.
- Pantócrator de Santa Sofía de Constantinopla, século XIII.
- *O alcalde e o arcebispo de Salónica con San Demetrio* na Igrexa de San Demetrio de Salónica (Grecia), século VIII.
- Vista interior de San Marcos de Venecia, con mosaicos realizados no século XII por artistas bizantinos.

A pintura

As iconas e pinturas bizantinas tiveron moita influencia na arte medieval europea, sobre todo a partir do século XII. Estas pinturas sobre **madeira** ou papel convertéronse en mercadorías moi valoradas. Representan **escenas relixiosas**, como a Virxe co Neno.



Sabías que...?

Para os bizantinos as iconas interceden diante da figura divina á que representan e comparten a súa divindade.

Tal era a paixón dos bizantinos polas iconas que, nos séculos VIII e IX, estallou a guerra entre os **iconódulos** e os **iconoclastas**. Segundo estes últimos, as iconas incitaban á idolatría e debían ser prohibidas. A guerra, que agochaba a loita polo poder imperial, rematou coa vitoria dos iconódulos, que crían na divindade das imaxes.

As **pinturas ao fresco** (sobre paredes e muros) dos mosteiros bizantinos son tamén esenciais para entender a evolución da arte de Europa Occidental. Moitos destes artistas trasladáronse a Italia a medida que os turcos avanzaban sobre o territorio bizantino. A súa capacidade para plasmar a profundidade e a paisaxe e darlle realismo ás figuras sorprendeu aos pintores italianos.

Na seguinte galería^[3] podes observar:

- *O enterro de Cristo*. Frescos da igrexa de San Pantaleón en Nerezi (Macedonia), século XII.
- *A Virxe de Vladimir*. Icona do século XII.
- *A Anunciación de Ohrid*. Icona do século XIV.
- *A Crucifixión*. Miniatura dos Avanceos de Rabula, século VI.

Actividades

Antes de realizar a primeira actividade, presta atención ao seguinte [vídeo](#) sobre Santa Sofía de Constantinopla.

1. Despois de ver o vídeo sobre Santa Sofía de Constantinopla decide se os seguintes enunciados son verdadeiros ou falsos.

a. Santa Sofía foi edificada entre o 532 e o 537.

Verdadeiro

Falso

b. Santa Sofía foi edificada nun descampado.

Verdadeiro

Falso

c. Os seus arquitectos chamábanse Antemio de Tralles e Isidoro de Mileto.

Verdadeiro

Falso

d. A planta de Santa Sofía consiste nun círculo que se inscribe nun rectángulo.

Verdadeiro

Falso

e. O interior de Santa Sofía estaba decorado con estatuas de ouro.

Verdadeiro

Falso

f. A cúpula central non se derruba porque a sosteñen outras cúpulas máis pequenas, a bóveda de canón das naves laterais e os estribos exteriores.

Verdadeiro

Falso

g. As pendentas (*pechinas* en castelán) son os arcos que separan as tres naves de Santa Sofía.

Verdadeiro


Falso

2. Descubre as palabras que faltan para completar este parágrafo que resume as características principais da arte bizantina.

A arte bizantina destácase polas igrexas con _____ e planta de cruz _____, os _____ e as _____. As igrexas eran a miúdo encargadas polos _____. As iconas e os mosaicos adoitaban colocarse no interior das _____. As súas figuras son _____ e maxestosas. Tanto as iconas como os mosaicos _____ foron moi cotizados en Europa durante a _____.



O exterior de Santa Sofía de Constantinopla.



O interior do mesmo templo.



Autoría: [JIPEN/ shutterstock.com](#)

A basílica de San Apolinar o Novo, na cidade italiana de Rávena, século VI.



Santa Irene de Constantinopla, séculos VI - VIII.



O cortejo de Teodora, detalle dos mosaicos de San Vital de Rávena, século VI.



Pantócrator de Santa Sofía de Constantinopla, século XIII.



O alcalde e o arcebispo de Salónica con San Demetrio na Igrexa de San Demetrio de Salónica (Grecia), século VIII.



Autoría: [lorinet/ shutterstock.com](#)

Vista interior de San Marcos de Venecia, con mosaicos realizados no século XII por artistas bizantinos.



O enterro de Cristo. Frescos da igrexa de San Pantaleón en Nerezi (Macedonia), século XII.



A Virxe de Vladimir. Icona do século XII.



A Anunciación de Ohrid. Icona do século XIV.



A Crucifixión. Miniatura dos Avanceos de Rabula, século VI.

A arte islámica

A arte islámica medieval reúne as manifestacións artísticas de todos os pobos baixo o poder musulmán ata o século XV. A arte islámica nace do diálogo entre a arte de culturas orientais —persas, hindús ou a propia arte das tribos árabes— e europeas —Grecia e a Roma clásicas, a arte bizantina e a de Europa Occidental—.

O islam non permite representar imaxes de Alá: a arte islámica medieval concéntrase na **arquitectura**. En moitas tradicións islámicas prohibese tamén a representación da figura humana. Consideran que pode ser unha manifestación de idolatría.

Con todo, conservamos algunhas representacións do profeta Mahoma e outras figuras destacadas do islam. Son **miniaturas persas** que destacan polo seu elegante colorido e os finos trazos que delinean os corpos.




Mahoma encóntrase en Xerusalén con Abraham, Moisés, Xesucristo e outros profetas. Miniatura persa do século XV.

A arquitectura islámica

A arquitectura islámica céntrase sobre todo na construción de **mesquitas**. A mesquita é o equivalente das igrexas cristiás. Os varóns musulmáns están obrigados a acudir á mesquita polo menos unha vez á semana: nos rezos do venres ao mediodía.

É habitual que as mesquitas estean rodeadas dunha pequena **muralla**. Éntrase polo **patio**, que adoita dispoñer dun **xardín**, unha galería porticada e unha **fonte**. A fonte serve para que os musulmáns poidan lavar a cara, as mans e os pés antes da oración, tal e como se indica no Corán. Nun extremo do patio está o **minarete**, unha torre desde a que o muecín chama á oración recitando pasaxes do Corán.

O **haram** é o espazo interior da mesquita, o recinto sagrado onde se atende a oración. O **haram** das grandes mesquitas é unha **sala de columnas**, rematada por un teito plano de madeira. No interior da mesquita os fieis colócanse en ringleiras para rezar, mirando sempre para o muro da **qibla**. Este muro marca a dirección á Meca, a cidade santa dos musulmáns. A **qibla** está resaltada por un nicho no seu centro, o **mihrab**. Desde alí, de fronte aos fieis, o imán dirixe os rezos.



Esquema dunha mesquita: o minarete (1), a fonte (2), o patio (3), o *mihrab* (4), o *haram* (5) e muro da *qibla* (6).

O *mihrab* é a parte máis decorada da mesquita. Mosaicos con formas xeométricas, arabescos (formas vexetais) realizadas en xeso, ou caligrafías que transcriben versos do Corán adornan as súas paredes. Ademais diso, adoita remarcarse cunha cúpula no teito.

Este modelo de mesquita definiuse xa nos primeiros séculos de expansión islámica. Na **mesquita Omeia de Damasco** —construída durante o VIII— ou na **mesquita de Cairuán** (Tunisia) construída durante os séculos VIII e IX, pódense ver todas as partes e as características que enumeramos. Ambas se converterán en referentes para o resto de mesquitas que se construíron na metade occidental do Imperio musulmán.



Interior da mesquita Omeia de Damasco (Siria).

A arquitectura islámica en al-Ándalus

A arte islámica en al-Ándalus comprende todas as obras de arte realizadas polos musulmáns na península Ibérica entre o século **VIII e o XV**. Coa progresiva expulsión dos musulmáns moitas desas obras desapareceron ou foron modificadas para adaptalas aos usos cristiáns. Un bo exemplo é a **catedral de Sevilla**, construída sobre a mesquita da cidade.

Dúas son as obras senlleiras da arte islámica andalusí: a **mesquita de Córdoba** e o **palacio da Alhambra en Granada**. Ambas reciben na actualidade millóns de visitantes anuais polo seu extraordinario valor artístico.

A mesquita de Córdoba

A [mesquita de Córdoba](#) construíuse seguindo o modelo da mesquita Omeia de

Damasco ou a de Cairuán. As obras comezaron nos últimos anos do **século VIII**, baixo o mandato do emir **Abd-al-Rahman I**. O forte crecemento de poboación que a cidade experimentou nos dous séculos seguintes —chegou a ter medio millón de habitantes— fixo necesarias varias **ampliacións** da mesquita de Córdoba. Deste xeito, demorou douscentos anos en tomar o seu aspecto e dimensións actuais.

Na seguinte galería^[4] podes observar diferentes imaxes da Mesquita:

- A sala de oracións.
- Vista área do edificio.
- *Mihrab*.
- Porta de San Ildefonso.

A **sala de oracións** é o seu espazo máis rechamante. Estrutúrase en dezanove naves divididas por máis de 850 columnas que parecen un bosque de palmeiras nun oasis. O teito apóiase nunha dobre arcada: un primeiro andar de columnas e arcos de ferradura sobre o que se levantan piares e arcos de medio punto. Con esta solución, os arquitectos musulmáns conseguiron máis altura para a cuberta e unha maior visibilidade. Para darlle aínda máis ritmo ao conxunto, os arcos de ferradura alternan pezas de color branco con outras de color encarnado.

Enmarcado nun alfiz, como no *mihrab* da mesquita, o arco de ferradura converterase nun elemento típico da arte musulmá.

A Alhambra de Granada

A Alhambra construíuse para **residencia do sultán** durante os séculos **XIII e XIV**. En realidade non está na Granada andalusí, senón no cumio dun monte próximo, separado da cidade polo río Darro, que atravesa un fondo val. O sultán pretendía illarse de posibles revoltas e ataques militares, así como aproveitarse dun clima un pouco máis suave (Imaxe E).

A Alhambra componse de varios **espazos independentes**. Na **Alcazaba** (Imaxe F) residían os soldados que escoltaban o palacio ou os criados. No **Mexuar** (Imaxe G) administrábase xustiza e reuníase o goberno. No **Palacio de Comares** (Imaxe H) e no **Palacio dos Leóns** (Imaxe I) residían o sultán e os seus familiares. O seu interior estaba ricamente decorado con mocárabes, azulexos ou caligrafías que representaban versículos do Corán.

O paso entre unhas áreas e outras artellábase mediante patios, os espazos máis cativadores da Alhambra. O **Patio dos Arrayanes**, que daba acceso ao Palacio de Comares (Imaxe H) era o centro da parte pública da Alhambra, mentres o Patio dos

Leóns (Imaxe I) o era da parte privada.

A presenza da auga, as galerías sombrizas e o traballo de celosías nas ventás estaba pensado para dar impresión de lixeireza e frescor.

Na seguinte galería^[5] podes observar diferentes imaxes da Alhambra:

- Vista xeral da Alhambra.
- A alcazaba.
- O mexuar.
- Patio dos Arrayanes. Palacio de Comares.
- Patio dos Leóns.



Sabías que...?

Durante a Idade Media os equipos de canteiros e arquitectos que traballaban na construción de edificios singulares eran itinerantes. Trasládábanse dun lugar a outro segundo tivesen traballo.

Na península Ibérica era frecuente que estes equipos alternasen obras en territorio cristián e musulmán.

Algúns equipos traspasaron o estilo e as técnicas de traballo da arquitectura islámica ás igrexas cristiás, no que se coñece como arte mudéjar.



Torre da igrexa de San Andrés de Calatayud (Zaragoza)

Outras obras de arte islámica en al-Ándalus

A prolongada presenza islámica na península Ibérica acompañouse dunha intensa produción artística. Ademais da Mesquita, na época do Califato de Córdoba construíuse **Medina Azahara**, unha cidade onde residía o califa cordobés xunto coa súa corte. Do tempo dos reinos de Taifas, destacan a **Alxafería de Zaragoza**, construída na segunda metade do século XI, que servía como pazo do rei zaragozano.

Chegados do norte de África, os almorábides e almohades engadiron á tradición artística local as súas peculiaridades artísticas. Da época dos almohades son tanto a **Xiralda** como a **Torre do Ouro**, en Sevilla. A primeira, construída a finais do XII, era en orixe o minarete da mesquita de Sevilla. Trala ocupación cristiá, a mesquita sevillana foi transformada en catedral e o minarete no seu campanario. A Torre do Ouro, construída a inicios do século XIII, era unha das torres que formaba parte da muralla de Sevilla.

As comunidades cristiá e xudía que vivían no territorio de al-Ándalus adoptaron os trazos básicos da arte islámica na construción dos seus edificios de culto. Un bo exemplo é a **sinagoga Maior de Toledo** (actual igrexa de Santa María a Branca), construída a finais do século XII.

Podes observar fotografías das devanditas obras na seguinte galería^[6]:

- Entrada á Casa Ya'Far nas ruínas de Medina Azahara, Córdoba, século X.
- Exterior da Alxafería de Zaragoza, século XI.
- Patio de Santa Isabel, no interior da Alxafería de Zaragoza.
- Xiralda de Sevilla, século XII.
- Torre do Ouro de Sevilla, século XIII.
- Sinagoga Maior de Toledo, hoxe Santa María Branca de Toledo, posiblemente construída a finais do século XII.


Actividades

1. Busca na rede fotografías que representen os elementos construtivos e decorativos característicos da arte musulmá. Asegúrate de que non faltan os seguintes elementos:

- a. Exemplos das partes da mesquita como os que traballaches no exercicio anterior (muralla, patio, fonte, etc.).
- b. Arcos de ferradura con alfiz.
- c. Decoración de mocárabes, arabescos e caligrafías.
- d. Cúpulas.

Lembra que debes documentar aos autores das fotografías que uses (ou as páxinas web nas que están aloxadas) así como o edificio e a data de construción.

2. Observa neste debuxo os elementos básicos que conforman unha mesquita musulmá e escribe o número que lles corresponda.



_____ Fonte

_____ Haram (sala de oración)

_____ Qibla

_____ Muralla

_____ Minarete

_____ Patio

_____ Mihrab

3. Son verdadeiras ou falsas estas aseveracións sobre a arte islámica?

a. A arte islámica ocúpase, sobre todo, da arquitectura.

Verdadeiro

Falso

b. As mesquitas son os templos onde os musulmáns acoden a rezar, ao menos cinco veces ao día.

Verdadeiro

Falso

c. A mesquita de Córdoba era a mesquita máis importante de al-Ándalus.

Verdadeiro

Falso

d. A mesquita foi reconvertida na catedral de Córdoba despois da ocupación cristiá.

Verdadeiro

Falso

e. A Alhambra era a residencia do imán de Granada, aínda que en ocasións tamén viviu nela o muecín.

Verdadeiro

Falso

f. Os patios da Alhambra están pensados para aproveitar ao máximo a luz do sol, por iso apenas teñen zonas de sombra.

Verdadeiro

Falso

4. Corrixe as oracións falsas da actividade anterior.

5. Completa o texto cos conceptos que lle correspondan.



columnas ● árabe ● Córdoba ● arcos de ferradura ● naves
Córdoba ● vexetal ● arcos de ferradura ● vermella ● vexetal
sala de oracións

Estas imaxes corresponden á fachada principal e a _____ da mesquita de Bab al-Mardun, actualmente coñcida como mesquita do Cristo da Luz, en Toledo.

A mesquita foi construída a finais do século X, no esplendor do Califato de _____. Segue o modelo que ofrecía a mesquita de _____, cuxa última (ampliación) se estaba a rematar por aquela altura.

A fachada destaca polos _____ enriba das tres portas de entrada. Debaixo da cornixa, moi resaltada, hai un friso decorado con caligrafía _____.

As _____ da sala de oración están separadas por _____ que sosteñen _____. As columnas teñen capiteis con decoración _____ e xeométrica, que sosteñen. Na porta da esquerda distínguense os ladrillos branca e _____, que imitan o efecto dos arcos da mesquita de Córdoba.

Autoría: [PMRMaeyaert](#) / Wikimedia. [Manuel de Corselas](#) / Wikimedia.




A sala de oracións.



Autoría: Toni Castillo Quero

Vista área do edificio.



Mihrab.



Porta de San Ildefonso.

E



Vista xeral da Alhambra.



Autoría: [Amra Pasic](#) / shutterstock.com

A alcazaba.

G



O mexuar.



Patio dos Arrayanes. Palacio de Comares.



Patio dos Leões.



Entrada á Casa Ya'Far nas ruínas de Medina Azahara, Córdoba, século X.



Exterior da Aljafería de Zaragoza, século XI.



Patio de Santa Isabel, no interior da Alxafería de Zaragoza.


N



Xiralda de Sevilla, século XII.



Torre do Ouro de Sevilla, século XIII.



Sinagoga Maior de Toledo, hoxe Santa María Branca de Toledo, posiblemente construída a finais do século XII.

O románico e o gótico: arquitectura

«A arte gótica é un obxecto de contradición. Despois de desencadear no seu nacemento o entusiasmo popular, despois de constituír un dos maiores esforzos da creación artística nunca emprendidos e seguidos en Occidente, foi obxecto de total incompreensión durante o Renacemento. Foron os humanistas os que lle inventaron o nome de *gótico*, expresando o profundo desprezo que por el sentían.

En verdade, este termo non se aplicaba entón máis que á arquitectura e cubría o conxunto da Idade Media. Só no XIX se estableceu a diferenza entre o románico e o gótico».

Marcel Durliat, *Introdución á arte medieval en Occidente*, 1979.

A arte medieval en Europa Occidental

Durante a Alta Idade Media (séculos V ata X) a produción artística reduciuse na Europa Occidental. En consecuencia, as técnicas artísticas da Antigüidade quedaron en desuso. As obras de arte centráronse na construción de igrexas, mosteiros e palacios para a nobreza e os monarcas. A pintura e a escultura convertéronse en obxectos de luxo, ligados case sempre aos encargos da Igrexa.

Con todo, hai que ter en conta que conservamos só unha pequena parte da arte altomedieval. Moitas obras perdéronse ou foron reformadas nos séculos seguintes.

O Imperio carolinxiño foi o maior centro de creación artística da Alta Idade Media. Decididos a igualarse co Imperio romano, os carolinxios recuperaron boa parte das súas técnicas artísticas. Para a súa residencia en Aquisgrán (a actual *Aachen* en Alemaña) Carlomagno construíu a finais do século VIII un conxunto palatino, do que hoxe conservamos a igrexa (Imaxe A).

Os reis cristiáns peninsulares imitaron esta idea: un bo exemplo é a **Aula Rexia de Oviedo** (Imaxe B), convertida hoxe en igrexa baixo o nome de Santa María do Naranco, foi construída a mediados do século, seguramente como palacio destinado á corte de Oviedo.

A maior parte das obras artísticas estiveron na Alta Idade Media ligadas á Igrexa. En Galicia conservamos obras singulares deste período, como Santa Comba de Bande de finais do século VII ou **San Miguel de Celanova**, do século X (Imaxe C). Son relevantes tamén as obras pictóricas como as **miniaturas de libros**; un exemplo é o Beato do Escorial, de mediados do X (Imaxe D).

Na seguinte galería^[7] podes observar as devanditas obras:

- Capela palatina de Aquisgrán, Alemaña, século VIII.
- Aula Rexia (hoxe coñecida como Santa María do Naranco), Oviedo, século IX.
- Capela de San Miguel de Celanova, século IX.
- *Adoración da Besta e do Dragón*, escena da Apocalipse no Beato do Escorial, século X.

Arquitectura románica e gótica: características básicas

O crecemento económico e o auxe do comercio que Europa Occidental experimentou a partir do século XI, permitiu que a Igrexa encargase moitas obras de arte. Dous estilos artísticos difundíronse por Europa Occidental:

- O **románico**, que ocupa os séculos **XI e XII**.

- O **gótico**, que comezou a mediados do século XII, cando se crearon as primeiras obras deste estilo, o cal seguía de moda en moitos países de Europa a inicios do XVI, aínda que en Italia desaparecera xa a inicios do XV.

A arquitectura románica e a gótica comparten trazos comúns, mais tamén sutís diferenzas. Empezaremos a velas desde o exterior dunha igrexa, o edificio máis relevante de ambos estilos:


- As igrexas medievais adoitan ter tres portadas. A occidental é a máis importante, por iso está flanqueada por dúas torres. Mentres no románico enmarca a porta un arco de medio punto, no gótico úsase o arco apuntado. Ademais as igrexas góticas adoitan incluír na portada un rosetón.
- Para termar o peso dos muros e das bóvedas, as igrexas románicas teñen contrafortes. No caso das igrexas góticas, os arcobotantes elévanse sobre os contrafortes para soste a nave central.
- A causa dos arcobotantes as igrexas góticas son máis esveltas e poden dispoñer grandes vidreiras ao longo dos muros. Deste xeito gañan **luminosidade**. A arquitectura románica abre poucos e pequenos ocros nos muros, de modo que resulta bastante escura.
- Sobre o cruceiro da igrexa elévase case sempre unha **terceira torre**, chamada ciborio. No gótico tanto esta torre como as da portada occidental acostuman a ser máis estilizadas. Ademais remátanse con finas agullas, como se as igrexas aspirasen a tocar o ceo.

Repasemos agora os **elementos propios do interior** dunha igrexa medieval:


- A **planta** das igrexas medievais componse de dous brazos que representan o corpo de Cristo na cruz. Son plantas de cruz latina. Agora ben, mentres no románico a cruz está moi marcada, no gótico o brazo menor achátase; cando isto sucede temos unha planta de salón.
- A ábsida adoita ser redondeada, sobre todo no románico, pois representa a cabeza de Cristo. Na ábsida colócase o altar. Son habituais as **absidiolas**, ábsidas máis pequenas onde se sitúan capelas na honra dun santo ou tumbas de persoeiros.
- As igrexas medievais distribúense en naves. Normalmente as naves son tres. A do medio, a máis espazosa, é a **central**. Nela sentan as persoas que escoitan misa. As **naves laterais** serven para que as persoas, en especial os peregrinos, poidan visitar as reliquias que se gardan na igrexa sen molestar aos que escoitan misa. Na ábsida, este espazo de circulación denomínase deambulatorio.
- No románico as naves sepáranse mediante piares cruciformes, mentres que no gótico sepáranse por **columnas**. Sobre os piares levántanse arcos de medio

punto. No gótico, os arcos son apuntados.

- No románico a nave central cóbrease cunha bóveda de canón, as laterais con bóveda de aresta. No gótico todas as naves cóbreñse con bóvedas de cruzaría.



Esquema das partes fundamentais dunha igrexa románica: portadas (1), torres (2), arco de medio punto (3), contraforte (4), ciborio (5), ábsida e absidiolos (6), bóveda de canón (7), cruceiro (8), piar cruciforme (9).



Esquema das partes fundamentais dunha igrexa gótica: portadas (1), torres (2), arco apuntado (3), rosetón (4), arcobotantes (5), vidreiras (6), agullas (7), pináculos (8), ábsida e absidiolos (9), cruceiro (10), columnas (11), bóveda de cruzaría (12).

Arquitectura románica: edificios senlleiros

O románico distínguese dos estilos anteriores, sobre todo, polas **bóvedas** que cobren as naves. Durante a Alta Idade Media, os arquitectos preferían usar teitos planos de madeira, porque non eran capaces de fixaren as bóvedas. Porén, a principios do

século XI eran moitos os arquitectos europeos que controlaban a construción de **bóvedas de canón**: eles estenderon o estilo por Europa Occidental.

A finais de século o románico desenvolverase en todo o seu esplendor coas igrexas de peregrinación. Nestas igrexas gardábanse reliquias dos santos: a xente emprendía longas peregrinacións a pé ou a cabalo para orar diante dos restos dos santos máis milagreiros.

O Camiño de Santiago foi a máis relevante destas vías de peregrinación. Ao longo do Camiño levantáronse numerosas igrexas en estilo románico. A máis significativa é a **catedral de Santiago**.

A catedral de Santiago de Compostela construíuse no primeiro cuarto do século XII, sendo bispo Diego Xelmírez. Ten tres naves. Tanto no brazo maior como no menor, estas naves están separadas por arcos de medio punto. Como é habitual no románico, a nave central cóbrese cunha bóveda de canón e as laterais con bóvedas de aresta. Sobre estas últimas corre a tribuna: nela podían durmir os peregrinos que chegaban a Santiago de Compostela, que desprendían un olor tan intenso que motivou que se comezase a usar o botafumeiro.

O **exterior** da catedral era lixeiramente distinto ao que agora coñecemos. As rúas e prazas que a rodean eran de terra. A fachada occidental —hoxe a fachada do Obradoiro—era unha tradicional fachada románica con tres ocos de entrada e dúas torres laterais. A catedral destacaba polos seus grosos muros e contrafortes, que lle daban aspecto de castelo.

Na seguinte galería^[8] podes observar o interior da catedral de Santiago e outras construcións románicas:

- Nave central da catedral de Santiago de Compostela, século XII.
- A abadía de Santa Fe de Conques, Francia, século XI.
- Nave central de Santa María Madalena de Vezelay, Francia, século XII.
- San Martiño de Mondoñedo, século XI.
- Nosa Señora de Jumièges, Francia, século XI.



Sabías que...?

As marcas de canteiro son signos labrados nos perpiaños, as pedras cortadas en formas regulares que compoñen unha parede. Estas marcas teñen formas moi variadas: cruces, letras, animais...

As marcas de canteiro permitían saber cantas pedras labraba cada canteiro, posto que cobraban por peza realizada. Noutras ocasións, indican como se debe colocar unha peza no muro.

Cando as marcas se repiten en distintas construcións, os historiadores da arte poden establecer que edificios foron realizados por un mesmo obradoiro de albaneis. Deste xeito, coñécese a evolución técnica e estética do mestre de obras que encabezaban o obradoiro.



Tres marcas de canteiro nos perpiaños do Torreón dos Andrade en Pontedeume.

Arquitectura gótica: edificios senlleiros

A mediados do século XII os teólogos comezan a desenvolver a idea de que «Deus é luz», polo que os arquitectos centran os seus esforzos en crear igrexas luminosas. Por esta razón desenvolven os arcobotantes, o arco apuntado e outros elementos que lles permitían facer igrexas máis altas e baleirar os muros.

Estas novidades construtivas tamén permitían un considerable aforro económico, posto que se utilizaba moita menos pedra e as obras remataban antes. É por iso que os cistercienses e as ordes mendicantes adoptarán o estilo nos seus conventos, estendéndoo por Europa Occidental.

Os primeiros edificios góticos deseñáronse na área próxima a París. A catedral de **Notre-Dame**, construída durante a segunda metade do século XII, loce con orgullo os seus arcobotantes. Mais é a **catedral de Chartres**, edificada durante a primeira metade do XIII, a obra que definiu o estilo.

A nave central de Chartres elévase sobre as laterais. As columnas, os arcos apuntados e as grandes fiestras con vidreiras contribúen á iluminación e á sensación de lixeireza.

A fachada principal de Chartres foi modificada por reconstrucións posteriores. Un exemplo mellor conservado é a fachada da **catedral de Amiens**, construída un pouco despois. Tres arcos apuntados constitúen a entrada, coroados por gabletes. O rosetón é o centro da fachada e reforza os xogos de luz.

Ao longo do século XIII o gótico estenderase por Europa. En cada rexión tomará tons peculiares: en **Inglaterra**, por exemplo, o énfase nas liñas rectas dará lugar ao que se coñece como gótico perpendicular. En **España** o gótico seguirá a estética do gótico francés, en obras como a **catedral de León** ou a de **Burgos**.

Na seguinte galería^[9] podes observar diferentes construcións que mencionamos arriba e outros exemplos da arquitectura gótica:

- Fachada da catedral de Amiens, século XIII.
- Catedral de Chartres, século XIII.
- Interior da catedral de Reims, século XIII.
- Catedral de Burgos, século XIII.
- Catedral de León, século XIII.
- Catedral de Wells, Inglaterra, século XIII.
- Interior de Santa María a Nova de Noia, un exemplo do gótico mariñeiro galego, século XIV.

Actividades

1. Elabora unha galería con imaxes de edificios románicos e góticos. Inclúe polo menos un exemplo de cada un destes lugares: o teu concello, Galicia, España, Reino Unido, Francia, Alemaña e Italia.
2. Rafael López Borrego ten unha interesante [canle en Youtube](#) sobre arte. Neste [vídeo](#) interpreta a planta dunha igrexa gótica.

Procura ti a planta dunha igrexa románica ou gótica e trata de facer o mesmo. Non te esquezas de estudar, como mínimo, estes elementos:

- a. Nave central e naves laterais.
- b. Bóvedas.
- c. Pés
- d. Ábsida.
- e. Deambulatorio.
- f. Capelas.

3. Escolle o estilo artístico ao que corresponde cada unha destas obras.





Autoría imaxe 1: Jose Luis Cernadas Iglesias/ [Wikipedia](#)

4. Os seguintes enunciados sobre a arte e a arquitectura medieval son verdadeiros ou falsos?

a. O medievo é unha época con moi pouca produción artística.

Verdadeiro

Falso

b. O románico esténdese pola Europa mediterránea, mesmo nos territorios do imperio bizantino.

Verdadeiro

Falso

c. A partir do século XII o románico será relevado polo gótico.

Verdadeiro

Falso

- d. O gótico estenderase por toda Europa Occidental. Á península Ibérica chegará ao longo do século XIII, con obras como a catedral de León ou a de Burgos.

Verdadeiro

Falso

- e. O principal logro dos arquitectos do románico é a construción de bóvedas de grandes dimensións.

Verdadeiro



Falso

- f. Unha das primeiras obras en estilo gótico é a catedral da Nosa Señora (Notre Dame) de París.

Verdadeiro

Falso

5. Corrixe as oracións falsas da actividade anterior.



Autoría: [matthi](#) / shutterstock.com

Capela palatina de Aquisgrán, Alemaña, século VIII.



Autoría: [Luis Miguel Bugallo Sánchez \(Lmbuga\)](#)

Aula Rexia (hoxe coñecida como Santa María do Naranco), Oviedo, século IX.

C



Capela de San Miguel de Celanova, século IX.

D



Adoración da Besta e do Dragón, escena da Apocalipse no Beato do Escorial, século X.



Autoría: José Luis Filpo Cabana

Nave central da catedral de Santiago de Compostela, século XII.



A abadía de Santa Fe de Conques, Francia, século XI.



Nave central de Santa María Magdalena de Vezelay, Francia, século XII.




Autoría: [Jaume Meneses](#)

San Martiño de Mondoñedo, século XI.



Nosa Señora de Jumièges, Francia, século XI.

K



Fachada da catedral de Amiens, século XIII.



Catedral de Chartres, século XIII.



Autoría: [Kiev.Victor](#) / shutterstock.com

Interior da catedral de Reims, século XIII.

N



Catedral de Burgos, século XIII.



Catedral de León, século XIII.



Catedral de Wells, Inglaterra, século XIII.



Autoría: [José Luis Filpo Cabana](#)

Interior de Santa María a Nova de Noia, un exemplo do gótico mariñeiro galego, século XIV.

O románico e o gótico: escultura e pintura

O románico: unha arte simbólica

A plástica medieval sorpréndenos porque **non se trata dunha arte imitativa**, é dicir, o seu obxectivo non é reproducir a realidade tal e como a vemos. En parte debido á súa incapacidade técnica: os artistas medievais tiñan serios problemas para representar a profundidade, por exemplo.

Con todo, isto non lles preocupaba en absoluto. A arte medieval, sobre todo a románica, representa case sempre escenas relixiosas cunha función didáctica: como a maior parte da poboación medieval non sabía ler nin escribir, as esculturas e as pinturas eran a mellor maneira de que os clérigos lles mostrasen a doutrina cristiá. Non interesaba reproducir as figuras con detalle, senón que os espectadores apreciasen a maxestade e a severidade de Deus. Nese sentido dicimos que **a arte románica é simbólica**: pretende dar forma a realidades espirituais.

Este desinterese pola representación exacta da realidade explica outros trazos da arte medieval, como a **perspectiva xerárquica**: as figuras divinas, como Deus ou Cristo, son meirandes que as dos seres humanos. É frecuente tamén que as figuras se deformen para adaptalas ao marco arquitectónico.

O gótico: unha crecente preocupación polo realismo

Aínda que nun principio o gótico tampouco se preocupa demasiado pola imitación da natureza, esta preocupación irá crescendo co paso dos anos. Progresivamente, as figuras gañan movemento e expresividade. Aparecen as primeiras **paisaxes e retratos individualizados** e explórase a representación da **perspectiva**. A principios do século XIV o realismo é unha prioridade para a arte gótica.

Estes cambios teñen que ver co ascenso social da burguesía. Aínda que a Igrexa continúa sendo o principal cliente dos artistas, a partir do século XIV os monarcas e os burgueses encargan cada vez máis obras de arte. A temática segue sendo relixiosa, mais a escultura e a pintura perden o seu carácter didáctico e convértense en obxectos de devoción persoal. Esta evolución será especialmente notoria en Italia, onde a pintura e escultura góticas anuncian os trazos do estilo que triunfará a partir do XV: o Renacemento.

Escultura románica: obras senlleiras

Aínda que tamén se pode ver nos capiteis de piares e columnas, a escultura románica concéntrase nas **portadas** das igrexas, en especial na occidental. As figuras dispóñense no tímpano e o parteluz da porta.

O tema favorito dos artistas é o **Xuízo Final**: un gran Pantocrátor preside a escena, xulgando as almas dos defuntos. Á dereita do Pantocrátor, os benaventurados gozan da vida eterna. Á esquerda os condenados sofren crueis castigos no inferno.

O tímpano de [Santa Fe de Conques](#) ilustra a rixidez e a deformación que as figuras sofren cando se supeditan á arquitectura. Como é habitual no románico, a técnica é o baixorrelevo, é dicir, as figuras apenas se despegan do muro no que se acoplan.

Na seguinte galería^[10] podes observar estas obras escultóricas románicas:

- Detalle do tímpano do Xuízo Final de Santa Fe de Conques.
- O rei David con músicos, capitel da catedral de Jaca, Huesca, século XII.
- Portada de Praterías, fachada sur da catedral de Santiago, século XII.
- Escenas da Paixón de Cristo na portada do Perdón de San Isidoro de León, século XII.

Escultura gótica: obras senlleiras

A escultura gótica segue a concentrarse nas **portadas** das igrexas. Con todo, as figuras non se limitan ao tímpano, senón que invaden outras partes da fachada: nas arquivoltas aparecen as estatuas-columna e, por enriba da porta, unha galería con personaxes relixiosos.

O **Pórtico da Gloria**, esculpido polo **mestre Mateo** a finais do XII, desenvolve o **Xuízo Final**, o tema preferido do románico. Con todo, xa se aprecia **expresión e movemento** en numerosas figuras. Ademais estas comezan a despegarse da pedra e adquiren corporeidade.

Autoría: [Pecold](#) / shutterstock.com



Detalle do Pórtico da Gloria. (Catedral de Santiago de Compostela).

A medida que o gótico avanza aprécianse cada vez máis outros temas, entre eles os que teñen que ver coa Virxe. En lugar de subliñar a divindade de Cristo, estes temas falan da súa natureza humana. A **expresividade, o movemento e a corporeidade** das figuras aumenta. Un exemplo destas cualidades son as escenas da vida da Virxe que se representan no pórtico principal da catedral de Reims.

Ademais dos temas relixiosos, a partir do século XIV aparecen na escultura e na pintura novos temas, como os **retratos** ou os **xacentes** (estatuas mortuorias). Estes temas revelan unha crecente preocupación pola figura humana e a fama individual.

Na seguinte galería^[11] podes ver:

- A Anunciación e a Visitación, portada occidental da catedral de Reims, século XIII.
- Portada do Sarmental, fachada sur da catedral de Burgos, século XIII.
- Xinete, catedral de Bamberg, século XIII.
- Crucifixión, detalle do púlpito de San Andrés de Pistoia (Italia), realizado por Giovanni Pisano cara 1300.

Pintura románica: obras senlleiras

A pintura románica concéntrase nas **ábsidas das igrexas**. O tema volve ser o Xuízo Final. Como no caso da escultura, pretendíase que os fieis quedasen impresionados cos castigos que lles agardaban trala morte se non se comportaban como bos cristiáns.

Sabemos que as igrexas estaban adoito decoradas con pinturas sobre os muros. Porén, o paso dos anos fixo que moitas se perdesen. Aínda así, conservamos exemplos de vivo colorido, como o **Pantocrátor** de **Taüll**. Pintado arredor de 1123, permítenos comprender como os fieis do románico sentiríanse sobrecollidos pola súa severidade.

As **pinturas profanas** (as que non teñen tema relixioso) son escasas. Con todo,

debemos mencionar os **calendarios agrícolas**. Estes calendarios representan as tarefas do campo propias de cada mes, con gran expresividade e realismo. Un dos mellores exemplos é o calendario pintado nas bóvedas do [Panteón dos Reis](#), en León. Outro exemplo sobranceiro da arte profana é o [Tapiz de Bayeux](#), unha tela bordada a finais do XI que mostra a invasión de Inglaterra.

Na galería^[12] podes ver:

- O Pantocrátor de San Climent de Taüll, século XII.
- *A anunciación aos pastores*, Panteón dos Reis, León, anterior a 1149.
- Detalle do tapiz de Bayeux, século XI.
- *A última cea*, frescos de Santo Anxo de Formis, Italia, cara o 1090.
- *A creación de Adán e O Pecado Orixinal*, detalle das pinturas da ermida da Vera Cruz de Maderuelo, século XII.

Pintura gótica: obras senlleiras

Os muros das igrexas seguen a ser o soporte favorito dos pintores góticos. Con todo, ao longo do estilo vai collendo forza a pintura sobre táboa. Esta técnica permite a devoción persoal e será o soporte privilexiado de moitos encargos burgueses.

Durante o século XIII a pintura gótica rexistra unha forte influencia bizantina. As figuras son aínda monumentais —semellan esculturas— e pouco realistas. Porén, desde finais de século, as predicacións dos monxes mendicantes fan xurdir na xente o aprecio pola natureza e a **estética realista**.

Na galería^[13] podes observar:

- *A Maestá*, Cimabue, cara o 1280.
- *A Maestá*, Duccio da Buoninsegna, 1308.
- *A Anunciación*, Simone Martini, 1333.
- Detalle dos frescos da *Alegoría do bo e do mal goberno*, Ambrogio Lorenzetti, 1340.
- *Adoración dos Reis Magos*, Gentile da Fabriano, 1423.

O artista que mellor plasma estas ideas é **Giotto**, nos frescos para a **Capela dos Scrovegni**, unha familia de banqueiros florentinos. Pintados a inicios do século XIV, retratan escenas da vida humana de Cristo. Nelas obsérvase a capacidade dos artistas góticos para representar o espazo e as actitudes das persoas. O colorido deixa de ser decorativo, como fora no románico: no gótico xa non temos cores planas, senón efectos de luz e sombra que contribúen á sensación de realismo.




Lamentación sobre Cristo morto, fresco da Capela dos Scrovegni, Giotto, cara a 1305-1306

As miniaturas son outro dos campos onde se aprecia a constante evolución da arte gótica. **As moi ricas horas do duque de Berry**, un manuscrito de principios do XV, contén os principios de realismo e colorido que son capitais na arte gótica.

Sabías que...?



As igrexas e esculturas medievais estaban case sempre policromadas, é dicir, pintadas de vivas cores. Os artistas medievais gustaban sobre todo dos verdes, os vermellos e os azuis moi intensos.



A catedral de Notre Dame de Poitiers revive, mediante un xogo de luces, a súa policromía orixinal.

A acción dos axentes atmosféricos bastou para eliminar a pintura na maioría dos casos. No

Pórtico da Gloria, por exemplo, perdeu o pan de ouro e as cores orixinais, a pesar de que xa na Idade Media se realizaron varias restauracións.

Con todo, o Pórtico do Paraíso da catedral de Ourense conserva aínda a policromía orixinal. Como esta portada foi realizada por artistas que antes traballaran no Pórtico da Gloria, supoñemos que os cores dunha e doutra portada debían de ser moi semellantes.




Pórtico do Paraíso da catedral de Ourense.

Actividades

Antes de realizar a primeira actividade, presta atención [neste vídeo](#) ás partes da portada nunha igrexa románica.

1. Identifica neste debuxo os elementos básicos que conforman unha mesquita musulmá e escríbeos onde corresponda.



- ___ Tímpano
- ___ Parteluz
- ___ Arquivoltas
- ___ Estatuas-columna
- ___ Pantocrátor

2. O seguinte texto foi escrito por un famoso historiador, Georges Duby, acerca das condicións de traballo dos artistas medievais durante o século XIV. Le con atención e relaciona as palabras do texto coa súa definición.

Calquera obra importante facíase por encargo e todos os artistas dependían estreitamente da vontade do seu cliente. A relación fixébase de dúas maneiras. Ou ben por medio dun contrato, con todos os requisitos, que se facía ante notario e que concernía a unha obra precisa. Este compromiso recíproco fixaba non soamente o prezo e os prazos de entrega, senón tamén a calidade do material, (...) a elección das cores, a disposición dos personaxes (...). Ou ben (...) o artista incorporábase por un tempo ao grupo de criados do

mecenas. Poñíase baixo as súas ordes, ingresaba na súa residencia para ser completamente mantido (...) e recibir un salario. Os mellores artistas buscaban esta situación de dependencia. En efecto, este acordo liberábaos das restricións do gremio, do obradoiro (...).

Georges Duby: *A época das catedrais, 980-1420*. Cátedra, 1966.

Prazo de entrega	Lugar e actitude en que se colocan as figuras que aparecen nunha pintura ou escultura.
Gremio	Asociación que agrupa aos traballadores dun mesmo oficio. O gremio fixa os prezos e as características dos produtos que os artesáns poden elaborar.
Mecenas	Persoa que mantén a un artista. O artista, a cambio, elabora para el obras de arte.
Disposición dos personaxes	Data na que se debe entregar unha obra de arte. O prazo adoitaba ser de entre tres e seis meses.

3. Atendendo á información do texto da actividade anterior, indica si son falsas ou verdadeiras as seguintes frases.

a. Os artistas medievais creaban obras artísticas por encargo.

Verdadeiro

Falso

b. O artista realizaba eses encargos atendendo unicamente ao seu criterio artístico.

Verdadeiro

Falso

c. Os mellores artistas buscaban poñerse baixo a protección dun home rico.

Verdadeiro

Falso

d. Nese caso, formaban parte dos criados que o home rico tiña ao seu servizo.

Verdadeiro

Falso

e. Baixo a protección dun home rico, os artistas non recibían máis pago que a comida e o lugar para durmir.

Verdadeiro

Falso

4. Parécenche verdadeiros ou falsos estes enunciados sobre a escultura e a pintura medieval?

a. A función principal das pinturas e esculturas románicas é a de instruír á xente nos dogmas da relixión católica.

Verdadeiro

Falso

b. Na escultura e na pintura medievais nunca aparecen nin Deus nin Cristo, porque está prohibido representalos.

Verdadeiro

Falso

c. Na escultura gótica predomina o baixorrelevo. Na románica, pola contra, as figuras teñen máis corpo.

Verdadeiro

Falso

d. A partir do século XV, o estilo gótico empeza a perder forza en favor dun novo estilo, o Barroco.

Verdadeiro

Falso

5. Corrixe as oracións falsas da actividade anterior.

6. Completa o seguinte texto cos conceptos axeitados.



Tímpano de Santa Fe de Conques

O Xuízo é un dos temas favoritos da arte románica. Este tema adoita tratarse nas bóvedas (portadas) das igrexas e, máis en concreto, nos tímpanos que adornan a portas. A composición está sempre presidida polo á súa dereita sitúanse os santos e á súa esquerda as persoas que serán condenados ao inferno.

Estas representacións teñen unha finalidade . Como eran poucas as persoas que sabían ler e escribir, as imaxes axudábanlles a comprender os dogmas do cristianismo.

A representación responde ás convencións da arte románica. As figuras represéntanse segundo a perspectiva , é dicir, son máis grandes canto maior é a súa importancia. Apenas se despegan da parede: son . As figuras adaptaciónse ao marco arquitectónico, é dicir, que modifican o seu tamaño e postura en función do lugar onde se sitúan. Ademais, aínda se poden ver restos de como as manchas azuis do Pantócrator.

A arte románica non se interesa polo realismo, senón por transmitir a maxestade das figuras divinas.



Detalle do tímpano do Xuízo Final de Santa Fe de Conques.

B



O rei David con músicos, capitel da catedral de Jaca, Huesca, século XII.



Autoría: [Ramon Espelt Photography](#)/ shutterstock.com

Portada de Praterías, fachada sur da catedral de Santiago, século XII.



Escenas da Paixón de Cristo na portada do Perdón de San Isidoro de León, século XII.



Autoría: [Evgeny Shmulev](#) / shutterstock.com

A Anunciación e a Visitación, portada occidental da catedral de Reims, século XIII.

F



Portada do Sarmental, fachada sur da catedral de Burgos, século XIII.

G



Xinete, catedral de Bamberg, século XIII.



Autoría: [User:Jollyroger](#)

Crucifixión, detalle do púlpito de San Andrés de Pistoia (Italia), realizado por Giovanni Pisano cara 1300.



O Pantócrator de San Climent de Taüll, século XII.



A anunciación aos pastores, Panteón dos Reis, León, anterior a 1149.



Detalle do tapiz de Bayeux, século XI.



A última cea, frescos de Santo Anxo de Formis, Italia, cara o 1090.



A creación de Adán e O Pecado Orixinal, detalle das pinturas da ermida da Vera Cruz de Maderuelo, século XII.



A Maestà, Cimabue, cara o 1280.



A Maestà, Duccio da Buoninsegna, 1308.



A Anunciación, Simone Martini, 1333.



Detalle dos frescos da *Alegoría do bo e do mal goberno*, Ambrogio Lorenzetti, 1340



Adoración dos Reis Magos, Gentile da Fabriano, 1423

Ao peche

Que aprendiches?

1. Descarga e completa o esquema da unidade.

Avalíate

2. Os seguintes enunciados sobre a arte medieval son verdadeiros ou falsos?

a. O estilo románico xurdiu no século X.

Verdadeiro

Falso

b. As principais manifestacións da arquitectura románica e gótica son as igrexas, moi en especial as catedrais.

Verdadeiro

Falso

- c. As igrexas románicas e góticas adoitan ter grandes conxuntos escultóricos na ábsida. A pintura, porén, resérvase para as portadas.

Verdadeiro

Falso

- d. A escultura e a pintura románicas están moi preocupadas por imitar fielmente a realidade.

Verdadeiro

Falso

- e. Este interese pola imitación da realidade pérdese no gótico.

Verdadeiro

Falso

- f. A arte islámica estendeuse ao longo do territorio do imperio islámico, desde al-Ándalus, no sur da península de Italia, até a India.

Verdadeiro

Falso

- g. As principais construcións da arte islámica son as mesquitas, que están sempre orientadas cara a Meca. A sala da oración é a parte máis importante dunha mesquita. Polo xeral,

organizase mediante arcos sobre columnas.

Verdadeiro

Falso

-
- h. Os palacios son outros edificios destacados da arquitectura islámica. No caso de al-Ándalus destaca a Alhambra de Granada, construída a partir do século XIII.

Verdadeiro

Falso

3. Relaciona cada parte da mesquita coa súa función.

Patio	Situada no patio, serve para as ablucións anteriores ao rezo.
Fonte	Interior da mesquita, onde se dispoñen os fieis para orar.
Minarete	Oco na qibla onde se sitúa o imán.
Haram (sala de oración)	Torre da mesquita, desde onde o muecín chama á oración.
Qibla	Muro da mesquita orientado á Meca.
Mihrab	Serve para acceder á sala de oración e representa o Paraíso.

4. Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas.

- a. O gótico nace en París e a súa área de influencia se corresponde coa segunda metade do século XII.

Verdadeiro

Falso

- b. No románico, a nave central cóbrese cunha bóveda de cruzaría e as laterais, con bóvedas de aresta. No gótico, pola contra, úsanse sempre as bóvedas de canón.

Verdadeiro

Falso

- c. Na escultura e pintura románicas, o Cristo aparece a miúdo en forma de Pantócrator, é dicir, no seu trono e presidindo o Xuízo Final.

Verdadeiro

Falso

- d. A mesquita de Córdoba empezouse a construír no século VIII. A súa sala de oracións organízase mediante unha arcada dobre. No primeiro piso da sala os arcos son de ferradura. No segundo son de medio punto.

Verdadeiro

Falso

- e. A Alhambra é famosa polos seus patios. Un dos máis coñecidos é o Patio dos Tigres.

Verdadeiro

Falso

5. Con que estilos artísticos asociarías cada un destes conceptos?

Exemplo:

Arte musulmán	Arquitectura románica	Arquitectura gótica	Plástica románica	Plástica gótica
		Arcobotante	Hieratismo	
Arco de ferradura	Arco de medio punto			Naturaleza humana de Cristo
	Muro macizo (sen ventás)			Estatua-columna
Mesquita		Bóveda de cruzaría	Simbolismo	
			Color non realista	Color realista
	Piar cruciforme		Tímpano	

Alfiz

Rosetón

Arco apuntado

Expresividade

Bóveda de canón

Mihrab

Planta cruz latina

Baixorrelevo

Mocárabe

Busca do realismo

Anicónico

Contraforte

Pantocrátor

Luminosidade

Estatua-columna

Planta de salón

6. Relaciona estes grupos de palabras coas imaxes correspondentes.



Santo Domingo de Silos, de
Bartolomé Bermejo, século XV



O bico de Xudas, fresco de Giotto
na Capela Scrovegni, século XIV



Byelikova Oksana / [Shutterstock](#)



Ábsida de Santa María de Taüll,
século XII



Luis Miguel Bugallo Sánchez /
[Wikimedia](#)



Pórtico da Gloria (Profetas),
século XII



Sailko, AnTeMi / [Wikimedia](#)



A Dúvida de Santo Tomás, século
XII



José Manuel Benito / [Wikimedia](#)



Cristo de don Fernando e dona Sancha, século XI



7. Elixes os catro conceptos que mellor correspondan en cada unha das imaxes

PMRMaeyaert / [Wikimedia](#).



San Martiño de Frómista, século XI

M.V. Photography / [Shutterstock](#).



Catedral de León, século XIII

José Antonio Gil Martínez / [Wikipedia](#).



Catedral de Beauvais (Francia),



San Salvador de

	Imaxe A	Imaxe B	Imaxe C	Imaxe D
rosetón	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
bóveda de canón	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
nave lateral	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
portada	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
nave central	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
bóveda de cruzaría	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
arco apuntado	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
ábsida	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
gablete	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
arcobotante	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
arquivolta	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
pés	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
piar cruciforme	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
contraforte	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

8. Di se as igrexas da actividade anterior son románicas ou góticas.

Imaxe A:

Imaxe B:

Imaxe C:

Imaxe D:

9. Completa o texto coas opcións correctas.

Alejandro Moreno Calvo / [Wikimedia](#)



Na imaxe pode verse o interior da catedral de Santiago de Compostela. Esta igrexa é unha xoia do . Foi construída durante o século XII, como punto final do Camiño de Santiago, unha ruta que atravesaba Europa.

A imaxe sacouse desde a nave da catedral. Poden verse

os arcos que separan as naves, e a bóveda de que cubría a nave central, como é habitual nas igrexas .

Ao fondo da imaxe, xusto diante do altar, apréciase o cruceiro da catedral. Neste espazo crúzanse o brazo maior e o menor da igrexa. É típico das igrexas románicas que ambos brazos se crucen dando lugar a unha planta de .

10. A arte ten sempre unha estreita relación coa filosofía e a literatura da época en que se desenvolve e, no caso da arte medieval, tamén coa teoloxía. Relaciona estas imaxes co texto correspondente que atoparás no pdf descargable.

Textos de lectura. Descarga o PDF



Nosa Señora de
París, século XII



Sainte Chapelle de
París, século XIII



O Xardín das Delicias, de Herrada de Landsberg, século XII



Crucifixión, Pietro Lorenzetti, século XIV



11. Con que episodios da relixión cristiá se corresponden estas escenas da arte medieval?



Ábsida de Santa María de Taüll, século XII



Detalle da Crucifixión, Duccio di Buoninsegna, século XIV





Detalle da
Natividade da
Capela Scrovegni,
Giotto, século XIV



Ábsida de Santa
María de Taüll,
século XII



Ferran Cabrer / [Wikimedia](#)



Descendemento do
mosteiro de San
Xoán das Abadesas,
século XII



Detalle da
Coroación da Virxe,
Bartolo di Fredi



Salterio franco,

século XIII



Detalle do Altar
Grabow, obra de
Bertram von
Minden, século XIV

12. As producións artísticas dunha época están sempre relacionadas co contexto histórico en que se crean. Escolle a opción que vexas máis acertada.

A preponderancia da arte relixiosa na Idade Media débese:

- Ao enorme poder da Igrexa.
- Á forte relixiosidade das sociedades medievais.
- Ambas son correctas.

13. O románico viuse impulsado pola necesidade de construír novos templos. Esta necesidade nacía:

- Do crecemento de poboación que se viña rexistrando desde finais da Alta Idade Media.
- Do desexo de honrar a Deus para que axudase aos cristiáns a deter os ataques dos musulmáns.

- De que as técnicas construtivas do románico permitían construír por moi pouco diñeiro.

14. A difusión do románico por toda Europa Occidental ten que ver:

- Coa popularidade do Camiño de Santiago.
- Coa creación de obradoiros de arquitectos e albaneis, que acudían alí onde se construía unha nova igrexa.
- Ambas son correctas.

15. A influencia da arte bizantina na arte da Europa Occidental durante a Idade Media débese:

- Ao avance do islam sobre os territorios bizantinos, que provocaba a fuxida de artistas e intelectuais bizantinos cara Europa Occidental.
- A que os artistas bizantinos conservaran as técnicas e o estilo artístico da Antigüidade clásica.
- Ambas son correctas.

16. O aumento nos encargos de obras de arte por persoas alleas á Igrexa que se rexistra a partir do século XIV débese:

- Ao enriquecemento da burguesía, que encargaba cada vez máis obras de arte.
- Ao debilitamento do poder da Igrexa.
- Ambas son correctas.

Reforza

17. Completa o texto cos conceptos que lle correspondan.



relixiosas • arquitectura • XII • gótico • analfabeta • catedrais
XI • mesquitas • islámica • Renacemento • románico
occidental





A arte ____ medieval é a arte que se produce no territorio musulmán entre os séculos (VII) e XV. A arte islámica destácase pola súa ____, en especial polos seus palacios e ____.

En Europa ____ as realizacións artísticas foron escasas até o século _____. Daquela comezou a estenderse o estilo _____. A mediados do século _____ este estilo foi pouco a pouco substituído polo _____, que perdurou até o inicio do _____.


A arte medieval europea está estreitamente ligada á relixión católica. As súas principais realizacións arquitectónicas son as _____. En pintura e escultura adoitan representarse escenas _____. Mediante estas representacións, a xente, que era a miúdo _____, podía comprender os principios do cristianismo.


18. Con estas arquitecturas, forma tres parellas: unha da arte islámica, outra da arte románica e a última da arte gótica.





19. Con estas esculturas e pinturas forma catro parellas: escultura románica e escultura gótica, pintura románica e pintura gótica.





20. Relaciona estes grupos de palabras coas imaxes correspondentes.



Tímpano da
catedral de Autun,
século XII


Ferran Cabrer / [Wikimedia](#)



Moisés, de Claus
Sluter, século XIV



Virxe con Neno de
Taüll, século XII



Sainte Chapelle de
París, século XIII



O bico de Xudas,
fresco de Giotto na
Capela Scrovegni,
século XIV

21. Os seguintes enunciados sobre a arte medieval son verdadeiros ou falsos?



- a. A principios do século XVI, Giotto pintou no solo da Capela Scrovegni esta *Lamentación ante Cristo morto*.

Verdadeiro

Falso

b. A pintura mostra o momento en que os discípulos baixan a Cristo da cruz e choran pola súa morte.

Verdadeiro

Falso

c. A profundidade está moi lograda na pintura. Conséguese, sobre todo, mediante a montaña que se prolonga por detrás das figuras.

Verdadeiro

Falso

d. Os vestidos e as cores da paisaxe e das figuras contribúen a dar a sensación de irrealidade. Con todo, o máis impresionante das figuras é a súa inexpresividade.

Verdadeiro

Falso

e. Todos estes detalles lévannos a considerar a Giotto como un dos pioneiros do románico na pintura.

Verdadeiro

Falso

f. Ademais, ao contrario do que vén sendo habitual na arte medieval, o encargo non procedía da Igrexa. Os Scrovegni eran


unha familia da burguesía que se fixera moi rica co comercio e a banca.

Verdadeiro

Falso

Amplía

- 22.** O obxectivo fundamental da arte medieval era o de animar os sentimentos relixiosos dos espectadores, así como ensinalles os preceptos fundamentais da relixión cristiá. Escolle unha obra de arte medieval que te impresione, ponte na pel dunha persoa da Idade Media e redacta un texto de ficción no que describas as súas sensacións diante desa obra.



- 23.** Escollede unha obra de arte medieval e analizádea en profundidade. Elaborade unha presentación para unha exposición oral sobre esa obra de arte.

Estos son algunhos dos aspectos que debería incluír a vosa análise da obra de arte:

1. Sobre a obra e o seu contexto.


a. Cando se creou a obra?

- b. A que corrente artística pertence a obra?
 - c. Que información nos dá sobre a época histórica en que foi realizada?
 - d. En que se parece e en que se diferencia doutras obras do mesmo artista?
 - e. En que se parece e en que se diferencia doutras obras da mesma época?
2. Cuestións sobre o estilo.
- a. Que materiais se utilizan? Como condicionan o traballo?
 - b. É unha obra figurativa ou abstracta? É unha obra realista?
 - c. Como é a luz, o color, a composición, a perspectiva...?
 - d. Como é a planta do edificio? Que partes e que elementos o compoñen?
3. Sobre o tema da obra.
- a. Que representa?
 - b. Fai referencia á vida da/o artista, a un suceso histórico, a un relato...?
 - c. Recrea ese tema de maneira literal ou tómase licencias?
4. Sobre o propietario da obra.
- a. Quen encargou/comprou a obra?
 - b. Con que motivo a encargou?
 - c. Onde se vai colocar unha vez rematada?

Actividade de síntese

24. Contrasta os seguintes pares de imaxes mediante un cadro no que vaias

recollendo as súas características principais. Dependendo das imaxes terás que atender a diferentes aspectos: o tema, os trazos de estilo (uso da cor, profundidade, expresividade...), os elementos arquitectónicos e as partes do edificio...



A. Santa María Magdalena de Vezelay. B. Catedral de Reims

- Cadro para analizar o primeiro par de imaxes.



A. Martirio dos santos Cibrán e Sabino, San Sabino de Gartempe. B. Martirio de San Estanislao, de Puccio Capanna

- Cadro para analizar o segundo par de imaxes.

Glosario

Ábsida

Parte dunha igrexa onde se sitúa o altar. No románico e no gótico adoita ter formas redondeadas.





Igrexa de Santiago (Allariz).

Agulla

Elemento aguzado que coroa o teito dun edificio. É típico do gótico



Catedral de Burgos.

Alfiz

Marco de forma rectangular que rodea un arco de ferradura. Típico da arte islámica.



Detalle da entrada á casa Ya'Far, Medina Azahara (Córdoba). Século X.

Arco apuntado

O que resulta da intersección de dous arcos de medio punto. Típico do gótico.





Portada do Sarmental, catedral de Burgos.

Arco de ferradura


Aquel cuxa forma sobrepasa a dun semicírculo. Típico da arte islámica.



Interior da mesquita de Córdoba.

Arco de medio punto

O que ten forma de semicírculo. Típico da arte románica.





Porta de Perdón, Santo Isidoro de León.

Arcobotante

Arco que se emprega para soportar o peso da bóveda de cruzaría da nave central. Típico do gótico.



Catedral de Notre-Dame (París).

Arquivolta

Cada unha das molduras que forman arcos concéntricos arredor dunha porta medieval.



Catedral de Ourense.

Baixorrelevo

Técnica escultórica na que as figuras apenas sobresaen da pedra na que están esculpidas. É típica do románico.





Claustro do mosterio de Santo Domingo de Silos (Burgos).

Bóveda de aresta


A que resulta da intersección de dúas bóvedas de canón.



Claustro da Abadía de Fontenay (Francia).

Bóveda de canón

A que resulta de proxectar en lonxitude un arco de medio punto. Típica da arte románica.





Interior da catedral de Santiago de Compostela.

Bóveda de cruzaría

A que resulta do cruzamento de dúas bóvedas de canón apuntado. Típica da arte gótico.



Interior da catedral de Reims (Francia).

Brazo

Cada unha das seccións en que se divide a planta dun edificio. No caso das igrejas

cada unha das seccións en que se divide a planta dun edificio. No caso das igrexas románicas e góticas falamos de brazo maior e brazo menor ou transepto.

Celosía

Estrutura calada que pecha unha ventá. Típica da arte islámica.



Ventás da Alhambra, Granada.

Ciborio

Torre que se eleva sobre o cruceiro dunha igrexa.





Catedral de Santa María de Valencia.

Contraforte

Engrosamento dun muro que axuda a soportar as cargas das bóvedas.




Mosteiro de Las Huelgas (Burgos).

Cor plana

Masa de cor uniforme, sen matices de luz e sombra. Típica da pintura románica.

Cruceiro

Parte central da igrexa, onde se cruzan a nave central do brazo maior e a do brazo menor.



Representación esquemática da planta dunha catedral. O cruceiro está destacado.

Cúpula


Elemento de cubrición de forma xeralmente semiesférica. Típica da arte bizantina.



Cúpulas da basílica de San Marcos de Venecia.

Deambulatorio

Nunha ábsida, corredor que rodea a zona do altar, permitindo o tránsito de persoas sen que a misa se vexa perturbada.



Representación esquemática da planta dunha catedral. O deambulatorio está destacado.

Estatua-columna

Estatua que realiza a función de soporte dunha columna. Típica da arte gótica.





Exterior da catedral de Notre-Dame (París).

Expresividade

Capacidade dunha escultura ou dunha pintura para transmitir os sentimentos e emocións humanas.

Fresco

Pintura sobre o muro.



Frecos no teito de Karanklik Kilise (*Igrexa escura*), en Göreme (Turquía).

Gablete

Elemento triangular que adoita decorar a parte superior das portas das igrexas góticas.



Catedral de Tours (Francia).

Icona

Pintura religiosa sobre táboa. Típica da arte bizantina.





Retablo de igrexa ortodoxa en Odessa, Ucraína.

Marco arquitectónico


Edificio ou parte dun edificio onde se coloca unha estatua ou unha pintura, con frecuencia deformándoa.



Eva, de Gislebertus de Autun. Orixinariamente formaba parte do dintel da catedral de Autun, hoxe atópase no museo Rolin da cidade.

Miniatura

Pinturas ou debuxos que ilustran os manuscritos medievais.





De plusieurs batailles que Charlemame eut alencont

Coroación de Carlomagno, miniatura do século XV.

Mosaico

Obra pictórica elaborada con pequenas pezas de vidro ou cerámica de cores. Típica da arte bizantina.



Os tres Reis Magos nun mosaico da basílica de San Vital en Rávena (Italia).

Nave

No caso das igrexas románicas e góticas, chámase nave central ou principal á do medio e naves laterais ao resto.



Catedral de Bazas (no Camiño de Santiago), Francia.

Pantocrátor

Deus todopoderoso. É típico da arte bizantina e románica, situado na entrada das igrexas ou na ábsida.





Pantócrator na catedral de Lugo.

Parteluz

Columna que divide en dous o oco dunha porta ou dunha ventá. No románico adoita situarse debaixo do tímpano e aproveítase para colocar decoración escultórica.



Pórtico da Gloria da catedral de Santiago de Compostela.

Perspectiva xerárquica

Representación en que as figuras teñen maior ou menor tamaño en función da súa importancia, e non da posición que ocupen no espazo. É típica da arte bizantina e románica.

Pilar cruciforme


Soporte arquitectónico con sección de cruz, moito máis grosso e resistente que a columna.




Abadía de San Galgano, na rexión da Toscana (Italia).

Planta centralizada

Aquela que ten a forma dun círculo ou un polígono. Típica da arquitectura bizantina e carolinxia.







Igrexa de San Vital de Rávena.

Planta de cruz grega


Planta centralizada que consiste nunha cruz cos dous brazos de igual tamaño. Típica da arte bizantina.





Plano de planta de cruz grega.

Planta de cruz latina

Planta que consiste nunha cruz con dous brazos desiguais, o brazo maior e o menor. Típica da arte románica e do primeiro gótico.






Plano de planta de cruz latina.

Planta de salón

Planta en que todas as naves teñen igual altura e o brazo menor non resalta, de maneira que a planta adquire forma rectangular. Típica da arte gótica.



Plano de planta de salón.

Portada

Lugar por onde se accede á igrexa. No románico e no gótico cárganse de decoración escultórica.



Portada da catedral de Santiago de Compostela.

Profundidade

Capacidade do artista para conseguir nunha pintura ou nunha escultura a idea das tres dimensións, a sensación de perspectiva.

Realismo

Capacidade dunha pintura ou dunha escultura para transmitir a sensación de vida.

Rosetón

Fiestra circular calada que adoita decorar as fachadas góticas.





Rosetón na basílica de Santa María do Mar (Barcelona).

Tímpano

Peza, xeralmente semicircular, que se coloca debaixo do arco dunha porta. É típica do románico, aínda que tamén aparece no gótico.



Tímpano da igrexa de Santa María de Siurana (Tarragona).

Tribuna


Espazoso corredor que vai por enriba das naves laterais e asoma mediante ventás á nave central dunha igrexa románica.



Tribuna da catedral de Santiago de Compostela.

Vidreira

Cristal coloreado co que se adoita decorar as ventás nos edificios góticos.



Ligazóns

Os labores dos meses no románico

<https://www.ucm.es/data/cont/docs/621-2013-11-13-LaboresMeses.pdf>

Estudo comparativo do calendario agrícola

<http://jlperezarribas.es/descargas/CALENDARIOS%20AGRICOLAS.pdf>

Betanzos. Calendario medieval

http://safeshare.tv/v/nji1ueI_gVw

Patrimonio: Mensario de Beleña de Sorbe

<http://safeshare.tv/v/T-iWa6gW0Fw>

As moi ricas horas do duque de Berry

<http://safeshare.tv/v/nuWAYX4VGdA>

Escenas, elementos tecnolóxicos e personaxes

<http://www.wikiart.org/en/limbourg-brothers>

Códices iluminados

<http://safeshare.tv/v/0a3C5c4T7ZM>

Paleocristiano e Bizantino

<http://safeshare.tv/v/cZNN4GxBtz0>

Igrexa de Santa Sofía

<http://safeshare.tv/v/C6BWPkUkdJk>

Santa Sofía de Constantinopla

<http://safeshare.tv/v/bnFsQfbqxX8>

San Vitale, Ravenna

<http://safeshare.tv/v/It3i-dKusIM>

Mesquita de Damasco, Siria

<http://www.arteguias.com/mezquita/damasco.htm>

Gran Mesquita de Cairuán

https://es.wikipedia.org/wiki/Gran_Mezquita_de_Kairu%C3%A1n

Mesquita de Córdoba

<http://safeshare.tv/v/4CEwr7grzvE>

Mesquita de Córdoba: o mirhab en 3D

<http://safeshare.tv/v/Kg-6TYWFRhA>

Alhambra de Granada

<http://www.alhambraGranada.org/es/mapa/mapaInteractivo.aspx>

Que é o románico?

http://safeshare.tv/v/1YvKyZ_x9Gw

Que é o arte gótico?

<http://safeshare.tv/v/jHlxoSD6-rY>

A catedral de Burgos

http://safeshare.tv/v/_6aIRVNSlyg

A catedral de Amiens

https://www.youtube.com/watch?v=OyfScdJb4-k&feature=player_embedded

Como ler a planta dunha catedral gótica clásica?

<http://safeshare.tv/v/mGLw0Z7BGKM>

O tímpano de Conques

<http://www.art-roman-conques.fr/espanol/index.htm>

Taüll 1123

<http://pantocrator.cat/es/taull1123-sant-climent-de-taull/>

As pinturas murais da ábsida de Sant Climent de Taüll

<https://www.educaixa.com/-/las-pinturas-murales-del-abside-de-sant-climent-de-taull>

O panteón real de San Isidoro de León

<http://safeshare.tv/v/zjdI3ALJehQ>

O tapiz de Bayeux animado

<http://safeshare.tv/v/ss572754753b12d>

As moi ricas horas do duque de Berry

https://commons.wikimedia.org/wiki/Category:Tr%C3%AAs_Riches_Heures_du_Duc_de_Berry

Esquema da portada románica

<http://safeshare.tv/v/u-WdXLxkPCU>

Padlet

<https://padlet.com/>

Créditos

© Netex Knowledge Factory S.A. 2020

Contidos licenciados para o proxecto e-dixgal.

Todos os dereitos reservados. Non está permitida a reprodución total ou parcial desta publicación nin o seu tratamento informático, nin a transmisión de ningunha forma ou por calquera medio, xa sexa electrónico, mecánico, por rexistro ou outros medios, sen o permiso previo e por escrito dos titulares do *copyright*.

Os titulares non se responsabilizan da persistencia ou da exactitude dos enderezos URL dos sitios web de terceiros mencionados nesta publicación, nin garante que estes contidos se manteñan, sexan precisos ou axeitados.

Autores dos contidos: Félix Longueira Fafián, Davide Loimil González, Xosé Antón García González.

Asesora didáctica: Susana Vázquez Martínez.

Primeira edición: setembro de 2020.

ISBN: 978-84-122353-5-7